



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, E COMPLEMENTARIAMENTE A OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E ATENCIÓN PSICOLÓXICA A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DE VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

(2) Antecedentes:

Dende hai máis de dez anos a Xunta de Galicia vén colaborando co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no desenvolvemento do Programa “Abramos o Círculo”, de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, e do Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e a outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

(3) Finalidade Para os efectos sinalados, con data 28 de maio de 2018 formalizouse co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para:





- a) O financiamento do programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e para outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.
- b) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa que se denominará xenericamente: “Abramos o Círculo”.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia para o financiamento do programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e un programa de atención psicolóxica especializada, coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no ámbito familiar, denominado Abramos o Círculo.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto para as persoas usuarias destes programas, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.0

Contía total: 237.039 €





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

